



## ANUNCIO SOBRE LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS INCLUÍDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS

### EXPEDIENTE: PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIO/A DO SERVIZO DE AUGA NO CONCELLO DE VIMIANZO

Exp.: 2024/E001/000002

A Alcaldía con data 03-05-2024, ditou a Resolución 552/2024 que recolle o seguinte:

“[...]”

1. As bases do proceso selectivo foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 363/2024 do 26/03/2024, publicadas integramente no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo o 26/03/2024 e anunciadas no BOP núm. 64 do 02/04/2024.
2. Por Resolución de Alcaldía núm. 502/2024 do 25/04/2024 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicou no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo o día 26/04/2024. Durante o prazo de cinco días naturais contados a partir dese anuncio non se presentou ningunha alegación, segundo consta no Informe de Rexistro que ten data do 02/05/2024.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- O artigo 10 do TREBEP, dedicado aos funcionarios interinos, establece no seu punto 1 en que circunstancias poden ser nomeados.
- As funcións do posto son de competencia municipal tendo en conta os artigos 7 e 25 da LBRL.
- O artigo 91.2 da LBRL establece o respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así coma o de publicidade.
- O artigo 133 do TRRL dispón que o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local se axustará á lexislación básica do Estado sobre función pública.
- A base segunda das que regulan este proceso selectivo establece os requisitos das persoas aspirantes, a base cuarta indica a forma e prazo para a presentación das solicitudes e a quinta está dedicada á admisión de aspirantes.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo:

TEDEC	DNI*	APELIDOS	NOME
2024/E002/000021	***2966**	NOVO IGLESIAS	JOSÉ LUIS
2024/E002/000023	***6591**	REY LOPEZ	JUAN JOSE
2024/E002/000024	***2699**	REY FIGUEIRA	DAVID
2024/E002/000026	***9915**	INSUA RIVEIRO	LUIS
2024/E002/000027	***3493**	RODRIGUEZ FERNANDEZ	OSCAR
2024/E002/000028	***1960**	SALGADO VALIÑA	JOSE MANUEL

**Segundo.-** Aprobar a composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidente: María Nieves Lema Vilariño, técnica de Cultura do Concello de Vimianzo

Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo

Secretaria: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo

Suplente: Silvia Blanco Costa, auxiliar administrativa no Concello de Vimianzo

1º vocal: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural do Concello de Vimianzo

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, tesoureiro do Concello de Vimianzo

2º Vogal: Lorena Cernadas Soto, administrativa informática no Concello de Vimianzo

Suplente: Rosa María Varela Antelo, educadora familiar do Concello de Vimianzo

3º vogal: José Ramón Esperante Otero, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Mazaricos

Suplente: Juan Carlos Santabaya Louzán, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cee.

O Tribunal poderá propoñer o nomeamento de asesores para a realización das probas prácticas.

**Terceiro.-** [...] convocar a realización das probas para o xoves **09/05/2024** segundo as seguintes indicacións:

1) Proba test e galego. Ás 8:30 na Casa da Cultura de Vimianzo.

2) Proba práctica. Ás 10:00 na nave de Protección Civil, en Casais, Vimianzo.

No caso de que sexa necesario cambiar a data das probas ou establecer algún día adicional, deberanse anunciar alo menos con 48 horas de antelación á súa realización.

[...]"



Vimianzo, 3 de maio de 2024

A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez